



**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
 REXISTRO XERAL  
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

**SAÍDA 3210 / RX 58438**

Data 16/01/2017 08:23:10

628AP.621

Nº EXPEDIENTE: BS628A 2016/000256-0

**DATOS XERAIS OU DE IDENTIFICACIÓN**

|  |                           |
|--|---------------------------|
| Denominación da entidade: FUNDACION NEUROBURGAS DANO NEUROLOXICO |                           |
| Nº inscrición: E-6518  | CIF/NIF: G32472763        |
| Enderezo: AVDA BUENOS AIRES 63 BAIXO                             |                           |
| Concello: OURENSE  | C.P.: 32004               |
| Provincia: OURENSE   | Teléf.: 988254455<br>Fax: |
| Representante legal: DELFIN CAMPOS CASTRO                        | D.N.I.: 44451121X         |

Con data 11 de xaneiro de 2017 o secretario xeral técnico ditou a seguinte resolución:

**"RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO ÚNICO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS**

Visto o expediente relativo á inscrición da entidade FUNDACION NEUROBURGAS DANO NEUROLOXICO, no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social, e de acordo cos seguintes

**SUPOSTOS DE FEITO**

Primeiro.- Con data de entrada no Rexistro Xeral de 1 de decembro de 2016 a entidade de referencia solicitou a inscrición no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

Segundo.- Con data 9/12/2016 requíreselle á entidade para que complete a documentación que obra no expediente de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro. Con data 15/12/2016 achégase a documentación necesaria para a tramitación do expediente.

De conformidade co proxecto específico remitido a entidade pretende desenvolver entre outros os servizos de fisioterapia, rehabilitación funcional, atención temperá previstos no anexo I do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

1.- Este centro directivo é competente para resolver o expediente en virtude do establecido no artigo 32.5 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, así como no Decreto 146/2016 do 13 de novembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 8 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Nº EXPEDIENTE: BS628A 2016/000256-0

2.- De conformidade co disposto no artigo 67 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e o artigo 4.1 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, serán obxecto de inscrición no rexistro correspondente, en función da súa área de actuación, as entidades prestadoras de servizos sociais. A estes efectos considerarase entidade prestadora de servizos sociais a toda persoa física ou xurídica, legalmente recoñecida, que sexa titular de centros ou desenvolva programas de servizos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma Galega.

3.- Do examen da documentación aportada conclúese que os fins e obxectivos da entidade FUNDACION NEUROBURGAS DANO NEUROLOXICO recollido no proxecto específico de servizos sociais, inclúense dentro dos sinalados na Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, xa que pretenden desenvolver servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal.

Vista a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normativa de carácter xeral aplicable, e dado que a documentación presentada cumpre coa normativa vixente na materia, esta subdirección xeral PROPÓN a adopción da seguinte:

## RESOLUCIÓN

**Inscribir á entidade FUNDACION NEUROBURGAS DANO NEUROLOXICO no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social, asignándolle o número E-6518 coa seguinte clasificación:**

**Categoría: iniciativa social**

**Subcategoría: fundación**

**Area/s estratéxica/s de actuación: dependencia**

**Ámbito xeográfico de actuación: autonómico**

Notifíquese a presente resolución coa indicación de que non pon fin á vía administrativa. Contra a dita resolución poderase interpoñer o recurso de alzada ante o Conselleiro de Política Social, no prazo dun mes que conta a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, segundo o que se establece no artigo 122 e concordantes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017. A Subdirectora Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais. Vanessa Cal Ríos

Vista a anterior proposta de resolución, este órgano ACORDA darlle aprobación nos seus propios termos. Santiago de Compostela 11 de xaneiro de 2017. O Secretario Xeral Técnico. Francisco Javier Abad Pardo."

Mediante este documento notifícaselle o contido da resolución consonte ao esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, infórmase que,

- Podera acceder a aplicación do rexistro (RUEPSS) co obxecto de actualizar os datos da entidade e dos centros e programas autorizados dos que sexa titular, a través da páxina web da Consellería, mediante a introdución dos seguintes códigos:




Nº EXPEDIENTE: BS628A 2016/000256-0

Usuario: E6518  
Contrasinal: 327AB6

- A inscrición da entidade non implica autorización dos centros ou programas de que dispoña, para o que deberá axustarse ao establecido no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- O/A representante legal das entidades rexistradas comunicarán, con carácter previo ou no prazo máximo de 30 días dende a súa efectiva realización, a modificación dos datos referidos á denominación da entidade e/ou dos centros e programas autorizados dos que a entidade sexa titular, o enderezo social, o obxecto social, os datos identificativos dos/as representante/s legais da entidade e/ou dos/as seus administradores/as, o cambio de titularidade e o cambio de entidade xestora dos centros ou programas que a entidade titular teña autorizados.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017

A Subdirectora Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais.

  
Vanessa Cal Ríos

